



# PLAN DIXITAL

## CEEPR San Francisco

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: CEPR San Francisco

Enderezo: Avenida de Europa 94-samil, Vigo – Pontevedra. CP. 36212

E-mail: [cepr.sanfrancisco@edu.xunta.gal](mailto:cepr.sanfrancisco@edu.xunta.gal)

Teléfono: 672150928

Número de unidades: 3

Número de alumnos: 9

Número de mestras: 3 e unha mestra de apoio

Auxiliares técnicos educativos: 2

### Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro: As familias son en moitos casos estranxeiras, o seu nivel socioeconómico é medio-baixo, teñen o castelán como lingua habitual de comunicación. A relación co profesorado é boa e existe unha comunicación fluída mediante diferentes canles (caderno viaxeiro, vía telefónica, titorías, pequenas reunións cando veñen a traer ou deixar aos nenos ao colexio, etc).
- Contribución do PD ao Proxecto Educativo: O Plan Dixital contribúe ao Proxecto Educativo mediante a ampliación de recursos materias, sendo estes de diferentes tipos, como podería ser o uso da ferramenta Abalar para a comunicación coas familias ou o uso da páxina web como canle de información.
- Relación con outros Plans e proxectos do centro. O centro conta co *Proxecto lingüístico* e co *Proxecto Lector*, nestes dous o PD vai contribuír mediante diferentes recursos enliña, audiolibros, información dixital, etc... todos estes poderán estar na aula virtual, co obxectivo de que as familias teñan acceso a eles e os poidan utilizar cando os alumnos/as non acudan ao colexio.
- Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23. Posto que é un programa novo e innovador o PD vai ter presenza na Programación Xeral Anual do curso 22/23. Esta vai ser mediante a avaliación do alumnado e as comunicacións coas familias, como se mencionou con anterioridade vaise empregar Abalar para poñerse en contacto coas familias.

## Breve xustificación do mesmo

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

## Proceso de elaboración

Ao ser un centro de Educación Especial de tres unidades non temos Equipo de Dinamización do Plan de Dixital, polo que a encargada do proceso nun primeiro momento foi a directora, logo, debido a unha baixa laboral, colleu o relevo unha mestra.

Para facer o Plan Dixital o primeiro paso que deu o colexio foi informar aos mestres da elaboración do mesmo, logo pedíuselles que contestaran as pertinentes preguntas do SELFI e do test CDC. Á hora de realizar o DAFO atopáronse as dificultades do centro e se fixeron constar neste documento, do mesmo modo se fixo na redacción dos obxectivos do PA.

As decisións tomáronse de forma conxunta entre todas as mestras e a directora en funcións. Na redacción dos obxectivos buscamos aqueles que son alcanzables e reais, medibles e acordes co noso centro, para iso tivéronse en conta as carencias e as respostas aos diferentes test.

## Situación de partida

### Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Infraestrutura dixital do centro: o centro conta con infraestrutura de datos (conectividade a internet), infraestrutura de voz (telefonía) e con conexións cableadas.
- Equipamento: o centro dispón de 4 ordenadores portátiles e 1 de sobremesa, sendo estes parte das aulas e dotándoas de dixitalización, o ordenador de sobremesa está a disposición das mestras na sala do profesorado e ten como finalidade o seu uso para temas de xestión, administración, atopar información específica, pero non para fins educativos co alumnado.

Como se comentou con anterioridade a maioría dos ordenadores son portátiles, polo que se poden desprazar polo colexio.

Xunto cos ordenadores, o colexio conta con diferentes tablets que teñen fins educativos e de comunicación do alumnado coas mestras.

- Servizos dixitais educativos: o colexio ten e-mail e páxina web, aínda que esta última non estea actualizada, sendo un dos obxectivos do Plan Dixital.

Como o colexio depende dunha Entidade (Asociación Galega San Francisco), a propia asociación está poñendo en marcha unha aplicación web para todos os seus Centros co fin de facilitar as comunicacións coas familias. Posto que aínda non está en funcionamento nos temos en mente implantar o espazoAbalar para facilitar as comunicacións. Esta nova aplicación conta co cumprimento da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais (LOPD-GDD).

- O mantemento do equipamento dixital do centro corre a cargo da asociación, eles poñen a nosa disposición os informáticos para que solucionen os erros ou as nosas dúbidas.

## Fontes empregadas para a análise DAFO

### Autoavaliación SELFIE

| Areas                                   | Grupos         | Media das respostas |
|-----------------------------------------|----------------|---------------------|
| A -Liderado                             | Equipo Direct. | 2                   |
|                                         | Profesorado    | 3.5                 |
|                                         | Alumnado       |                     |
| B- Colaboración e redes                 | Equipo Direct. | 1.3                 |
|                                         | Profesorado    | 2.3                 |
|                                         | Alumnado       | 1                   |
| C- Infraestruturas e Equipos            | Equipo Direct. | 2.8                 |
|                                         | Profesorado    | 3.3                 |
|                                         | Alumnado       | 4                   |
| D- Desenvolvemento profesional continuo | Equipo Direct. | 3                   |
|                                         | Profesorado    | 2.9                 |
|                                         | Alumnado       |                     |
| E- Pedagogía: Apoio e Recursos          | Equipo Direct. | 2                   |
|                                         | Profesorado    | 4                   |
|                                         | Alumnado       |                     |
| F- Pedagogía: Implementación na aula    | Equipo Direct. | 1.6                 |
|                                         | Profesorado    | 3.3                 |
|                                         | Alumnado       | 2.5                 |
| G- Prácticas de avaliación              | Equipo Direct. | 1                   |
|                                         | Profesorado    | 2                   |
|                                         | Alumnado       |                     |
| H- Competencias dixitais do alumnado    | Equipo Direct. | 1                   |
|                                         | Profesorado    | 1.7                 |
|                                         | Alumnado       | 1                   |

## Test CDD

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

|             | N.º profesorado que participa | N.º profesorado total | % participación |
|-------------|-------------------------------|-----------------------|-----------------|
| DEFINITIVO  | 3                             | 3                     | 75%             |
| PROVISIONAL | 1                             | 1                     | 25%             |
| INTERINO    |                               |                       |                 |
| SUBSTITUTO  |                               |                       |                 |
| DESPRAZADO  |                               |                       |                 |

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

| Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|--------------------------------------|----------------------|-------------------------------------------------|---------------------------------|
| 57,5                                 | Explorador/a (A2)    | 76,4                                            | Integrador/a (B1)               |

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

|         | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|---------|--------------------------------------|----------------------|-------------------------------------------------|---------------------------------|
| Ed. Esp | 57                                   | Explorador/a (A2)    | 69,4                                            | Integrador/a (B1)               |

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

|       | Total profesorado no nivel de competencia | % de profesorado participante neste nivel |
|-------|-------------------------------------------|-------------------------------------------|
| A1    |                                           |                                           |
| A2    | 3                                         | 75%                                       |
| B1    |                                           |                                           |
| B2    | 1                                         | 25%                                       |
| C1    |                                           |                                           |
| C2    |                                           |                                           |
| TOTAL | 4                                         | 100%                                      |

## Análise DAFO

| INTERNOS   |                             | FORTALEZAS                                         | DEBILIDADES                                                                    |
|------------|-----------------------------|----------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------|
| CATEGORÍAS | INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO | Necesítanse poucos recursos TIC.                   | Mal aproveitamento dos recursos TIC (uso básico deles).                        |
|            | PERSOAL DOCENTE             | Coñecemento de recursos e fomento da creatividade. | Pouco tempo para desenvolver a estratexia dixital.                             |
|            | PERSOAL NON DOCENTE         | Inciden na autonomía persoal do alumnado.          | Non utilizar as ferramentas dixitais.                                          |
|            | ALUMNADO                    | Ensino individualizado.                            | Falta de capacidades persoais para seguir os recursos TIC.                     |
|            | FAMILIAS                    | Comunicación estreita co centro.                   | Falta de interese cara aos recursos.                                           |
|            | OFERTA                      | Relación coas administracións públicas.            | Non se levan a cabo recursos específicos, só o uso do e-mail.                  |
|            | ORGANIZACIÓN DO CENTRO      | Disposición para o uso dos dispositivos dixitais.  | Inexistencia de recursos dixitais á hora de realizar a avaliación do alumnado. |

| EXTERNOS   |                          | OPORTUNIDADES                                                                         | AMEAZAS                                                                                   |
|------------|--------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------|
| CATEGORÍAS | ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA | Temos a disposición técnicos que nos axudan cando surxen problemas.                   | Pouca diversidade de materiais.                                                           |
|            | LEXISLACIÓN              | Ao ser un centro pequeno temos menos burocracia.                                      | Dado que a realidade do noso centro é moi específica, non estamos demasiado actualizados. |
|            | CONTORNA                 | Ao ser poucos alumnos/as podemos incidir nas necesidades educativas de cada un deles. | As nosas familias teñen un contexto socioeconómico baixo.                                 |
|            | ANPA                     |                                                                                       | O noso centro non ten ANPA.                                                               |
|            | OUTRAS ENTIDADES         | Ao ser un colexio pequeno algunhas entidades ofrecen o seu apoio.                     | Debido as NEAs dos alumnos/as é difícil ter unha comunicación con outras entidades.       |

## Plan de Acción

O CEEPR San Francisco non ten etapas educativas, polo que os recursos materiais e humanos van ser os mesmos. Respecto aos recursos humanos o centro conta con 4 mestras, unha delas de apoio, que van utilizar e tratar de conseguir os obxectivos acordados.

Os recursos materiais son aqueles que van facilitar a consecución dos obxectivos, no centro atópanse 4 ordenadores portátiles e un de sobremesa, 5 tablets nas que pódense levar diferentes accións ou actividades.

### Obxectivos, indicadores e accións

Unha vez feito o DAFO observamos que non tiñamos moitas cousas que ofrece de forma gratuíta a Consellería e acordamos que era un bo momento para implantalas, xunto con iso, vimos a oportunidade de incluír esas ferramentas como obxectivos do Plan de Acción, sendo estes específicos, medibles, alcanzables e relevantes dada a situación do colexio.

### Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Nos apartados anteriores mencionouse a cantidades de equipos dixitais que ten o colexio. É destacable que deses equipamentos, dous estean xa anticuados e o seu rendemento sexa moi baixo. Por iso o centro ten en mente a renovación de dous equipos, coa finalidade de mellorar as instalacións tecnolóxicas e facilitar o acceso dixital dende todas as zonas do centro. Xunto con iso, é importante mencionar que o acceso a internet era deficitario e colocouse un router para melloralo.

## Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

| Área/s de mellora: LIDERAZGO (A)                                                       |                                                                                    |                       |                                                    |                          |            |             |  |
|----------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------|----------------------------------------------------|--------------------------|------------|-------------|--|
| OBXECTIVO 1: (1)                                                                       | Fomentar a ferramenta AbalarPro para mellorar a comunicación familia-centro (A2*). |                       |                                                    |                          |            | Acadado     |  |
| Responsable:                                                                           | Unha mestra.                                                                       |                       |                                                    |                          |            | Non acadado |  |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)                                                          | Numero de titoras que realizan as comunicacións mediante AbalarPro.                |                       |                                                    |                          |            |             |  |
| Valor de partida: (3)                                                                  | Unha mestra (a directora, aproximadamente o 33%).                                  |                       |                                                    |                          |            |             |  |
| Valor previsto e data: (4)                                                             | 100% das titoras.                                                                  |                       |                                                    |                          | 22/06/2023 |             |  |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER                                                                  |                                                                                    |                       |                                                    |                          |            |             |  |
| DESCRICIÓN (5)                                                                         | RESPONSABLES (6)                                                                   | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8)                            | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN    |            |             |  |
|                                                                                        |                                                                                    |                       |                                                    | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) |            | ESTADO (10) |  |
| AO1.1: Nomear unha encargada que explique o programa ás demais mestras do colexio.     | Unha mestra.                                                                       | 01/10/2022            | Nomeamento da directora                            |                          | Realizada  |             |  |
|                                                                                        |                                                                                    |                       |                                                    |                          | Aprazada   |             |  |
|                                                                                        |                                                                                    |                       |                                                    |                          | Pendente   |             |  |
| AO1.2: Nomear unha encargada para explicar as diferentes funcionalidades de AbalarPro. | Unha mestra.                                                                       | 22/06/2023            | Manual de AbalarPro.                               |                          | Realizada  |             |  |
|                                                                                        |                                                                                    |                       |                                                    |                          | Aprazada   |             |  |
|                                                                                        |                                                                                    |                       |                                                    |                          | Pendente   |             |  |
| AO1.3: Uso da ferramenta.                                                              | As titoras                                                                         | 22/06/2023            | Dispositivos electrónicos.                         |                          | Realizada  |             |  |
|                                                                                        |                                                                                    |                       |                                                    |                          | Aprazada   |             |  |
|                                                                                        |                                                                                    |                       |                                                    |                          | Pendente   |             |  |
| AO1.4: Fomentar o uso da app Abalar entre as familias                                  | A directora / Encargada das TIC's                                                  | Setembro 2022         | Circular informativa e asesoramento dende o centro |                          | Realizada  |             |  |
|                                                                                        |                                                                                    |                       |                                                    |                          | Aprazada   |             |  |
|                                                                                        |                                                                                    |                       |                                                    |                          | Pendente   |             |  |

| Área/s de mellora: INFRAESTRUCTURA E EQUIPOS (C)                     |                     |                                                      |                                                          |                          |            |             |  |
|----------------------------------------------------------------------|---------------------|------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------|--------------------------|------------|-------------|--|
| OBXECTIVO 2: (1)                                                     |                     | Actualizar e utilizar a páxina web do colexio (C1)*. |                                                          |                          |            | Acadado     |  |
| Responsable:                                                         |                     | A directora.                                         |                                                          |                          |            | Non acadado |  |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)                                        |                     | Número de publicacións que se fan na páxina web.     |                                                          |                          |            |             |  |
| Valor de partida: (3)                                                |                     | 0 publicacións                                       |                                                          |                          |            |             |  |
| Valor previsto e data: (4)                                           |                     | 20 publicacións (Unha publicación cada dúas semanas) |                                                          |                          | 22/06/2023 |             |  |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER                                                |                     |                                                      |                                                          |                          |            |             |  |
| DESCRICIÓN (5)                                                       | RESPONSABLES (6)    | DATA PREVISTA FIN (7)                                | RECURSOS NECESARIOS (8)                                  | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN    |            |             |  |
|                                                                      |                     |                                                      |                                                          | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) |            | ESTADO (10) |  |
| AO2.1: Poñer en funcionamento a web mediante a UAC e webs dinámicas. | Directora           | 30/06/2022**                                         | Drupal (web do centro)                                   |                          | Realizada  |             |  |
|                                                                      |                     |                                                      |                                                          |                          | Aprazada   |             |  |
|                                                                      |                     |                                                      |                                                          |                          | Pendente   |             |  |
| AO2.2: Actualizar a páxina web.                                      | Encargada das TICs. | 15/09/2022                                           | Drupal (web do centro)                                   |                          | Realizada  |             |  |
|                                                                      |                     |                                                      |                                                          |                          | Aprazada   |             |  |
|                                                                      |                     |                                                      |                                                          |                          | Pendente   |             |  |
| AO2.3: Difundir a páxina web entre a comunidade educativa.           | Encargada de TICs.  | 15/10/2022                                           | Drupal (web do centro). Circular informativa ás familias |                          | Realizada  |             |  |
|                                                                      |                     |                                                      |                                                          |                          | Aprazada   |             |  |
|                                                                      |                     |                                                      |                                                          |                          | Pendente   |             |  |

| Área/s de mellora: E.3 Empleo de entornos virtuais de aprendizaxe                         |                                                  |                            |                                      |                          |             |             |  |
|-------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------|----------------------------|--------------------------------------|--------------------------|-------------|-------------|--|
| OBXECTIVO 3: (1)                                                                          | Utilización da aula virtual                      |                            |                                      |                          |             | Acadado     |  |
| Responsable:                                                                              | A directora                                      |                            |                                      |                          |             | Non acadado |  |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO                                                                 | Utilización por parte dos profesionais do centro |                            |                                      |                          |             |             |  |
| Valor de partida: (3)                                                                     | Ningún profesional o utiliza                     |                            |                                      |                          |             |             |  |
| Valor previsto e data: (4)                                                                | 0 50% dos profesionais utiliza a aula virtual    |                            |                                      |                          | Xuño 2023   |             |  |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER                                                                     |                                                  |                            |                                      |                          |             |             |  |
| DESCRICIÓN (5)                                                                            | RESPONSABLES (6)                                 | DATA PREVISTA FIN (7)      | RECURSOS NECESARIOS (8)              | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN    |             |             |  |
|                                                                                           |                                                  |                            |                                      | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) |             |  |
| AO3.1: Solicitar un grupo de traballo ao CFR a través de Fprofe para uso de aula virtual. | A directora                                      | Primeiro trimestre 2022-23 | Solicitud a través de F-Profe        |                          | Realizada   |             |  |
|                                                                                           |                                                  |                            |                                      |                          | Aprazada    |             |  |
|                                                                                           |                                                  |                            |                                      |                          | Pendente    |             |  |
| AO3.2: Iniciar o proceso do uso da aula virtual.                                          | Encargada de TICs.                               | Novembro 2022              | Aula virtual do centro. Recursos web |                          | Realizada   |             |  |
|                                                                                           |                                                  |                            |                                      |                          | Aprazada    |             |  |
|                                                                                           |                                                  |                            |                                      |                          | Pendente    |             |  |
| AO3.3: Supervisión do proceso de implantación da aula virtual.                            | Encargada de TICs.                               | Xuño 2023                  | Aula virtual                         |                          | Realizada   |             |  |
|                                                                                           |                                                  |                            |                                      |                          | Aprazada    |             |  |
|                                                                                           |                                                  |                            |                                      |                          | Pendente    |             |  |

## Avaliación do plan

Para realizar a avaliación do Plan Dixital empregarase a táboa dos obxectivos, anotando a *valoración da acción* e o *estado* de cada un deles, tamén completarase outro apartado onde se recolla se o obxectivo xeral foi acadado ou non.

Nas accións a desenvolver ou a descrición dos pequenos obxectivos a avaliación será como mínimo trimestral para así poder observar o proceso e facer modificacións, no caso de que estas se requiran.

A avaliación final farase ao remate do curso académico tendo en conta todo o proceso, as posibles modificacións e as propostas de mellora cara aos seguintes cursos.

## Difusión do plan

Na nosa casuística a difusión do Plan Dixital farase en pequenas reunións coas mestras, estas reunións tamén servirán para comentar os procesos que se estean a levar a cabo, os avances ou retrocesos, as modificación ou as melloras, etc.

Para informar as familias das ferramentas que se van implantar o primeiro paso será enviar circulares informativas, logo, en función dos avances no obxectivo 1, farase mediante a ferramenta AbalarPro ou a ferramenta que pon a nosa disposición a Entidade Titular.